

TEMA 3.- AS TRANSFORMACIÓNS POLÍTICAS DO S.XIX



I.- PROPOSTA DE CAMBIO NA ILUSTRACIÓN

II.- TRANSFORMACIÓNS REVOLUCIONARIAS

A.- REVOLUCIÓN AMERICANA

A.1.- ORIXES DO CONFLITO

A.2.- GUERRA DE INDEPENDENCIA

A.3.- UN NOVO MODELO POLÍTICO

B.- REVOLUCIÓN FRANCESA

B.1.- CAUSAS DA REVOLUCIÓN

B.2.- COMEZO DA REVOLUCIÓN

C.3.- ETAPAS DA REVOLUCIÓN


III.- ORGANIZACIÓN POLÍTICA LIBERAL

A.- PRINCIPIOS POLÍTICOS DO LIBERALISMO

B.- INSTITUCIÓNS POLÍTICAS LIBERAIS

I.- PROPOSTAS DE CAMBIO NA ILUSTRACIÓN

Durante o século XVIII manifestáronse en Europa unha serie de ideas críticas con todo aquilo que representaba o Antigo Réxime. A meirande parte destas ideas agrupábanse dentro dunha corrente de pensamento chamada **Ilustración**, un movemento intelectual e científico que criticaba a sociedade do seu tempo: a tradición, os privilexios da nobreza e o clero, o inmenso poder do monarca absoluto... Os ilustrados pretendían crear como alternativa un modelo mellor, baseado nos dous principios da **razón** e a **liberdade**, por iso este século foi coñecido como “*Século da razón ou das luces*”.



Denis Diderot
1713-1784






? 1.- Que foi a **Ilustración**? Cal era o seu obxectivo?

*As ideas ilustradas atoparon difusión a través da “**Enciclopedia**” (Diccionario razonado das ciencias, das artes e dos oficios), obra publicada en Francia entre 1751 e 1772 e dirixida por Diderot e D’Alembert, que contribuíu a unha auténtica revolución intelectual. O seu obxectivo era reunir os coñecementos da súa época e expoñer as ideas críticas sobre a situación económico-social e política existente na época do Antigo Réxime. Ideas que eran presentadas sutilmente para evitar a censura real.*

I.- PROPOSTAS DE CAMBIO NA ILUSTRACIÓN

? 1.- Que foi a **Ilustración**? Cal era o seu obxectivo?



NOVAS IDEAS PROPOSTAS POLOS ILUSTRADOS


A NIVEL SOCIAL

- Opuxéronse á **sociedade estamental** e proclamaron que ninguén podía herdar nin gozar de privilexios en nome dos seus antepasados.
- Defenderon a mobilidade social, a **igualdade** legal e o mérito segundo a valía de cada persoa.

A NIVEL POLÍTICO

- Criticaron o despotismo e a arbitrariedade do absolutismo.
- **Montesquieu** (1689-1755) propuxo na súa obra principal “*O espírito das leis*” unha **división de poderes** (lexislativo, executivo e xudicial) e a necesidade de evitar que recaese nunha mesma persoa ou institución.
- **Rousseau** (1712-1778) expuso na súa obra “*O contrato social*” a necesidade de establecer un **contrato social** entre gobernantes e gobernados (**Constitución**). Tamén definiu o principio de **soberanía nacional**, polo cal o poder pertence á **Nación**, é dicir, ao conxunto de cidadáns, non ao goberno, que será un **mandatario** do poder da Nación e estará obrigado a gobernar buscando o ben común e a vontade xeral.
- **Voltaire** (1694-1778) defendeu a necesidade dun **parlamento** que limitase o poder do rei e dun **sistema fiscal** que non recaese exclusivamente no pobo.

O ESPÍRITO DAS LEIS



MONTESQUIEU

A NIVEL ECONÓMICO

- Loitaron contra toda regulación da economía por parte do Estado e defenderon a libre iniciativa, a propiedade privada e a liberdade económica (**liberalismo económico**).

? 2.- Que aspectos do Antigo Réxime foron máis **criticados** polos ilustrados a nivel social, político e económico? Que **alternativas de cambio** propoñían?


? 2.- Que aspectos do Antigo Réxime foron máis **criticados** polos ilustrados a nivel social, político e económico? Que **alternativas de cambio** propoñían?



“Cando os poderes lexislativos e executivo están reunidos nunha mesma persoa ou corporación, entón non hai liberdade, porque é de temer que fagan leis tiránicas para executalas do mesmo modo... Igual sucede cando o poder xudicial non está separado do lexislativo e executivo.


Todo estaría perdido se o mesmo home, o mesmo corpo de persoas principais, dos nobres ou do pobo, exercese os tres poderes”

Barón de Montesquieu: “O espírito das leis”, 1748



“Só a vontade xeral pode dirixir as forzas do Estado..., o pobo sometido á lei debe ser o protagonista. O poder lexislativo pertence ao pobo e tan só del pode emerxer... Toda lei que non fose ratificada polo pobo é nula... Para asegurar as leis, cómpre un goberno, pero o goberno é tan só o mandatario do pobo soberano...”

Jean-Jacques Rousseau: “O contrato social”, 1762



As ideas da Ilustración foron propagadas por un grupo de pensadores, principalmente franceses, entre os que destacan, como xa vimos, Montesquieu, Rousseau, Voltaire, Diderot... As propostas ilustradas atoparon enorme apoio especialmente na burguesía, grupo social cunha sólida formación cultural e intelectual, que desexaba un cambio que lle permitira acceder á participación política e abolir a sociedade estamental, para lograr o recoñecemento social. Todos eles contribuíron a crear un novo modelo de organización política e social, que foi a base do **liberalismo político** e das **revolucións liberal-burguesas do s. XIX**, a máis representativa das cales foi a Revolución francesa de 1789.

- ? 3.- Como se **difundiron** as ideas ilustradas?
- o 4.- Que grupo social **apoiaba** ditas ideas? Por que?

“Lectura no salón dunha familia burguesa das obras de Molière, dramaturgo e comediógrafo francés do s.XVII”. Jean François Troy, pintor francés, 1728.



? 3.- Como se **difundiron** as ideas ilustradas?

o 4.- Que grupo social **apoiaba** ditas ideas? Por que?



Esta obra - pintada polo francés Lemonnier en 1812 - representa unha xuntanza na casa de Madame Geoffrin no París de 1755, como ocasión da primeira lectura dunha obra de Voltaire. As ideas ilustradas eran debatidas nos salóns das casas burguesas ou dalgúns membros da nobreza, alí discutíase sobre as novas teorías, criticábase o excesivo protagonismo da relixión, a pervivencia da superstición, o mantemento dos privilexios..., e todo iso nun ambiente de tolerancia e liberdade de expresión, mesmo admitían mulleres nas tertulias...!